



PROPOSTA DA PRESIDENCIA

ASUNTO: ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA O EXECICIO ECONÓMICO 2023.

EXPEDIENTE: 160/2022

Elaborado o Orzamento para o exercicio económico 2023, que ascende tanto no estado de gastos coma de ingresos a 3.913.300,00 €, que supón un incremento do 0,45 % con respecto ao do exercicio 2022, e que se prevé dé cobertura económica as obrigas esixibles e as que poidan derivarse da normal prestación deste servizo e do funcionamento do propio Consorcio, sen prexuízo das modificacións orzamentarias que poida experimentar en virtude das necesidades e adaptacións que xurdan derivadas da recente implantación do sistema de xestión directa; atópase nivelado tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos e acompaña ó mesmo o Cadro de Persoal, as Bases de Execución do Presupuesto, informe económico-financeiro e informe de intervención.

Considerando o disposto no artigo 120 da lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e o acordo adoptado polo Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión extraordinaria de data 31-07-2014, polo que o Consorcio quedará adscrito, en cada exercicio presupostario e por todo período á Administración que se determine de acordo cos criterios, recollidos na Disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas do Procedemento Administrativo Común, que son os mesmos que os regulados no artigo 120.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Considerando que, segundo establece o artigo 122.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, os consorcios estarán suxeitos ao réxime de presupuestación, contabilidade e control da Administración Pública á que estén adscritos, sin prexuízo da súa suxección ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e o punto 4 deste mesmo artigo no que se sinala que os consorcios deberán formar parte dos presupostos e incluírse na conta xeral da Administración Pública de adscripción.

Esta Presidencia proponlle á Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente o proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial 2023 e a súa vez lle propoña ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º/ A adscrición do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento no exercicio económico 2023 á Deputación Provincial de





Pontevedra, de acordo co criterio de territorialidade, recollido no artigo 120, punto 2, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector público en concordancia co artigo 6 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aprobados mediante Decreto 36/2011, de 17 de febreiro.

2º/ Tomar razón e aprobar provisionalmente o Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio económico 2023, que ascende a contía tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos a TRES MILLÓNS NOVECENTOS TRECE MIL TRESCENTOS EUROS (3.913.300,00 €) co seguinte resume por capítulos:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	3.081.140,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	796.801,00	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	1.986.200,00
4	Transferencias correntes	2.000,00	4	Transferencias correntes	1.927.000,00
5	Fondo de continxencia	3.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Investimentos reais	30.359,00	6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	3.913.300,00		TOTAL	3.913.300,00

3º/ Aprobadas Bases de Execución tal e como figuran redactadas.

4º/ Aprobalo Cadro de Persoal e de retribucións para o exercicio 2023:

CADRO DE PERSOAL E RETRIBUCIÓNS DERIVADOS DA INTERNALIZACIÓN DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS 2023.

CADRO DE PERSOAL

APARTADO 1º: Persoal funcionario					
PERSONAL ADMINISTRATIVO					
GRUPO	NIVEL/CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	RETRIBUCIÓNS ANUAIS 2023	
	1	ESCALA HABILITACIÓN CARÁCTER ESTATAL (En réxime de acumulación de funcións)			
A1	1.1	SUBESCALA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A	1	16.608,28	
	2	ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL			
A1	2.1	SUBESCALA TÉCNICA			
	26	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1		
C1	2.2	SUBESCALA ADMINISTRATIVA			
	20	ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1		

	COMPLEMENTO ESPECÍFICO ANUAL	COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDAD ANUAL
TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	13.778,17	5.904,92
ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	9.165,71	3.925,02

APARTADO 2º: Persoal directivo (Contrato de alta dirección celebrado ao abeiro do R.D. 1382 de 1 de agosto)		
N.º POSTOS	DENOMINACIÓN	RETRIBUCIÓNS ANUAIS 2023





1	XERENTE	37.270,39
---	---------	-----------

APARTADO 3º: Persoal laboral (INDEFINIDO NON FIXO/INTERINIDADE)		
N.º POSTOS	DENOMINACIÓN	DEREITOS RETRIBUTIVOS
3	XEFE DE PARQUE	As que viñan gozando a data do acordo da creación da Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta a xestión directa, segundo convenio.
20	XEFE DE QUENDA-CONDUCTOR	
50	BOMBEIROS	

RÉXIME RETRIBUTIVO

- ESCALA HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL (Secretaría-intervención):

Gratificación anual, ao abeiro do artigo 44.6 do Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, será a vixente a 31-12-2022 co incremento que fixe o a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 ou norma equivalente en materia de retribucións dos empregados públicos; quedando co incremento previsto do 3,5%: 16.608,28 €/brutos anuais. Estas gratificacións distribuiranse en doce mensualidades iguais.

- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL (Subescala técnica-Subescala administrativa)

En aplicación do R.D.Lvo. 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a contía das retribucións básicas, para cada un dos grupos de clasificación, e do complemento de destino, segundo ao nivel que teña atribuído o posto, será a que fixe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 ou norma equivalente en materia de retribucións dos empregados públicos.

O complemento específico e de produtividade é o aprobado coa modificación do Cadro de Persoal e retribucións do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2021 derivado da internalización do servizo de intervención en emerxencias, co incremento contemplado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 e o previsto de 3,5 % para o exercicio 2023 ou norma equivalente en materia de retribucións dos empregados públicos.

A cantidade consignada no orzamento para o complemento de produtividade queda á libre disposición da Presidencia para retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou iniciativa con que se desempeñan os postos de traballo.

As retribucións dos funcionarios interinos, nomeados conforme ao previsto no artigo 10.1, apartado a) e b) do EBEP, imputaranse ás aplicacións orzamentarias das prazas de funcionarios ás que estean adscritos.

Estes funcionarios percibirán as retribucións básicas correspondentes ao grupo ou subgrupo no que esté clasificado o Corpo ou Escala, no que fosen nomeados como interinos e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que desempeñen.

- PERSOAL LABORAL DE ALTA DIRECCIÓN (Xerencia):

Clasifícanse as retribucións da Xerencia, que ostenta a *condición de persoal directivo - laboral de alta dirección, en básicas e complementarias (Disposición adicional Duodécima da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), en básicas e complementarias.*

Serán as vixentes a 31-12-2022 co incremento que fixe o a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 ou norma equivalente en materia de retribucións dos empregados públicos; quedando co incremento previsto do 3,5%:

a) As retribucións básicas, atendendo as características do Consorcio e a dispersión territorial do servizo e de acordo coa equivalencia do grupo de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social, quedan establecidas para o exercicio 2023 na contía





de 17.769,84 €, que serán aboadas a razón de 1.098,64 € as 12 mensualidades; incrementándose as nómina do mes de xuño e decembro en 2.293,08 € cada unha delas.

b) As retribucións complementarias estarán integradas polos seguintes conceptos:

- **Polo complemento de posto:** que *retribúe as características específicas da Xerencia, previstas no artigo 16, letras a), b), c) e i) e que para o exercicio 2023 ascenden a 14.339,40 € distribuídas en doce mensualidades.*

- **Complemento variable:** Que ascende a un total de 5.161,15€, distribuídas en doce mensualidades e que se percibirá en función do cumprimento dos seguintes obxectivos mensuais:

a) Velar para que a empresa adxudataria do contrato de mantemento integral dos bens mobles e inmoables, xestión enerxética, xestión de seguros e outros traballos execute este co máximo grao de cumprimento das condicións do mesmo, que se reflectirá cada mes nun INFORME DA XERENCIA no que dará conta deste cumprimento.

b) Avalar mediante un INFORME MENSUAL a procedencia do pago á empresa adxudataria, que deberá entregar nun prazo máximo de 10 días desde que a empresa presenta a factura correspondente a cada mensuralidade.

c) Esixir á empresa a reparación inmediata dos vehículos e medios técnicos que presentaran avarías ou fallos no seu funcionamento que prexudicaran a prestación do servizo, dando conta ao Consorcio desta situación e das medidas adoptadas nun INFORME DE INCIDENCIAS.

d) Presentar un INFORME DE INTERVENCIÓNS, que garanta que os efectivos dos parques se mobilizaron a todas as chamadas efectuadas polo CAE 112 ou polas demandas das Autoridades, e da Presidencia e xerencia do propio Consorcio.

e) Trasladar ao Consorcio aquelas cuestións de organización ou de adquisición de materiais que puideran supoñer unha mellora na eficacia do servizo de cara á atención aos cidadáns.

f) Conformar a procedencia do pago das retribucións e avalar mediante un INFORME MENSUAL os gastos variables efectuadas polos bombeiros, horas extras, quilometraxes, gastos de aparcadoiro e todos aqueles gastos variables requiren de comprobación para ser incluídos na nómina do mes, labor a desenrolar pola xerencia.

g) Con carácter xeral, o cumprimento das funcións encomendadas á Xerencia polo artigo 16.2 dos Estatutos do Consorcio, aprobados mediante o Decreto 36/2011, de 17 de febreiro.

- PERSOAL LABORAL (INDEFINIDO NON FIXO/INTERINIDADE/OU TEMPORAL DE BOLSA)

A. RETRIBUCIÓNS.

As retribucións serán as que viñan gozando o persoal subrogado a data do acordo da creación da Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta a xestión directa, segundo o II Convenio colectivo de prestación do servizo contra incendios e salvamento para o persoal da empresa MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUTURAS, S.A. na Provincia de Pontevedra, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 194, de data 09-10-2019, co incremento previsto no mesmo co límite que fixado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 e que fixe para o ano 2023 ou norma equivalente en materia de retribucións dos empregados públicos, que se prevé no 3,5%.

B. HORAS EXTRAORDINARIAS.

Serán as reguladas no II Convenio colectivo de prestación do servizo contra incendios e salvamento para o persoal da empresa MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUTURAS, S.A. na Provincia de Pontevedra, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 194, de data 09-10-2019.





C. PLUS DE DISPOÑIBILIDADE.

Con carácter temporal e non consolidable, concederase o plus de dispoñibilidade, establecido pola empresa concesionaria Mantenimiento de Infraestructuras, S.A., aos xefes de parque pola actividade extraordinaria que desenvolvan pola substitucións das Xefaturas de parque e a asunción das correspondentes funcións, nos casos de ausencias xustificadas por desfrute de vacacións, días de permiso ou baixas de incapacidade temporal, que ascende, co incremento previsto para o exercicio 2023, a 776,25 €/mes.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS:

1ª. O réxime retributivo previsto queda condicionado ao que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 ou a lexislación que resulte de aplicación.

2ª. O cadro de persoal e o réxime retributivo poderá verse modificado coa entrada en vigor da Relación de Postos de Traballo, que se aprobe polo Consorcio.

5º/ Dar traslado do expediente, en canto ente de adscripción, á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación conxunta co Orzamento Deputación Provincial de Pontevedra, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Pontevedra, a presidente Asdo. Mª de Carmen Silva Rego

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

